

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Lingua estranxeira a través das novas tecnoloxías: Francés				
Materia	Lingua estranxeira a través das novas tecnoloxías: Francés			
Código	O05G120V01905			
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	2c
Lingua de impartición	Francés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	García Fernández, Manuel Ángel			
Profesorado	García Fernández, Manuel Ángel			
Correo-e	manuelangel.garcia@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Contribución das novas tecnoloxías e medios audiovisuais na procura de recursos para o ensino/aprendizaxe do francés lingua estranxeira.			

Competencias	
Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
B1	Coñecer as áreas curriculares da Educación Primaria, a relación interdisciplinar entre elas, os criterios de avaliación e o corpo de coñecementos didácticos ao redor dos procedementos de ensino e aprendizaxe respectivos
B2	Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro
B3	Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e plurilingües. Fomentar a lectura e o comentario crítico de textos dos diversos dominios científicos e culturais contidos no currículo escolar
B4	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade e que atendan á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos que conformen os valores da formación cidadá
B5	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela, resolver problemas de disciplina e contribuir á resolución pacífica de conflitos. Estimular e valorar o esforzo, a constancia e a disciplina persoal nos estudantes
B6	Coñecer a organización dos colexios de educación primaria e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Desempeñar as funcións de titoría e de orientación cos estudantes e as súas familias, atendendo as singulares necesidades educativas dos estudantes. Asumir que o exercicio da función docente ha de ir perfeccionándose e adaptándose aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida
B7	Colaborar cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social. Asumir a dimensión educadora da función docente e fomentar a educación democrática para unha cidadanía activa
B8	Manter unha relación crítica e autónoma respecto dos saberes, os valores e as institucións sociais públicas e privadas
B9	Valorar a responsabilidade individual e colectiva na consecución dun futuro sustentable
B10	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela entre os estudantes
B11	Coñecer e aplicar nas aulas as tecnoloxías da información e da comunicación. Discernir selectivamente a información audiovisual que contribúa ás aprendizaxes, á formación cívica e á riqueza cultural

B12	Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación primaria e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos
C1	Comprender os procesos de aprendizaxe relativos ao periodo 6-12 no contexto familiar, social e escolar
C2	Coñecer as características destes estudantes, así como as características dos seus contextos motivacionales e sociais
C5	Coñecer as propostas e desenvolvementos actuais baseados na aprendizaxe de competencias
C6	Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e distintos ritmos de aprendizaxe
C7	Analizar e comprender os procesos educativos no aula e fóra dela relativos ao periodo 6-12
C8	Coñecer os fundamentos da Educación Primaria
C11	Coñecer os procesos de interacción e comunicación no aula
C13	Promover o traballo cooperativo e o traballo e esforzo individuais
C15	Coñecer e abordar situacións escolares en contextos multiculturales
C16	Deseñar, planificar e evaluar a actividade docente e a aprendizaxe no aula
C17	Coñecer e aplicar experiencias innovadoras en Educación Primaria
C19	Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación educativa e ser capaz de deseñar proxectos de innovación identificando indicadores de avaliación
C23	Analizar e incorporar de forma crítica las cuestiones más relevantes de la sociedad actual que afectan a la educación familiar y escolar: impacto social y educativo de los lenguajes audiovisuales y de las pantallas; cambios en las relaciones de género e intergeneracionales; multiculturalidad e interculturalidad; discriminación e inclusión social y desarrollo sostenible
C43	Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación
C45	Coñecer o currículo escolar das linguas e a literatura
C50	Afrontar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües
C51	Expresarse, oralmente e por escrito nunha lingua estranxeira
C52	Desenvolver e evaluar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes nos estudantes
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita na lingua materna
D4	Coñecemento de lingua estranxeira
D5	Coñecemento de informática relativos ao ambito de estudo
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Resolución de problemas
D8	Toma de decisións
D9	Traballo en equipo
D12	Habilidades nas relacións interpersoais
D13	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D14	Razoamento crítico
D15	Compromiso ético
D16	Aprendizaxe autónoma
D17	Adaptación a novas situacións
D18	Creatividade
D22	Motivación pola calidade

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
1. Capacidade de manexo das Tics como recurso didáctico para o dominio das regras que subxacen á utilización da linguaxe, en relación aos compoñentes fonológico, morfolóxico, sintáctico, semántico e léxico.	A1 A2 A3	B6 B11	C13 C16 C17 C19 C43 C45 C51 C52	D2 D4 D5 D16
2. Capacidade de manexo das Tics como recurso didáctico para o dominio dos diferentes rexistros, variedades lingüísticas e regras socioculturais		B3 B4 B7 B8 B10 B11	C1 C2 C15 C23 C43 C50 C51 C52	D4 D5 D13 D15 D17

3. Capacidade de manexo das Tics como recurso didáctico para a creación de textos de distintos tipos e interpretación do seu sentido	B1 B2	C8 C13 C17 C19 C23 C51 C52	D1 D4 D5 D6 D7 D8 D14 D16 D17 D18 D22
4. Capacidade de manexo das Tics como recurso didáctico para unha implicación tanto nos aspectos cognitivos como actitudinais, nun diálogo constante con individuos doutra comunidade	B3 B4 B5 B6 B7 B9 B11 B12	C1 C2 C7 C11 C13 C15 C23 C50	D4 D5 D9 D12 D13 D15 D16 D17
5. Capacidade de manexo das Tics como recurso didáctico para o dominio de estratexias de comunicación verbal e non verbal que compensen deficiencias de comunicación ou para conseguir unha maior efectividade na comunicación	B11 B12	C1 C5 C6 C11 C13 C43 C51 C52	D3 D4 D5 D7 D8 D16 D17

Contidos

Tema	
1. Programas de office.	1. Uso de programas.
2. Programas de audio.	2. Uso de programas.
3. CR-Rom. Correo electrónico.	3. Uso e manexo multimedia.
4. Webs para o ensino da lingua estranxeira.	4. Recursos pedagóxicos. A tarefa mediatizada.
5. Webquests.	5.Tipos e potencialidades.
6. Chats e wikis.	6. Chats, Wikis e posibilidades de uso.
7. Ferramentas de autor e creación de exercicios.	7. Manexo de ferramentas.
8. Blogs.	8. O blog e as súas potencialidades.
9. Audio/videoconferencia.	9. A utilidade do audio/videoconferencia.
10. Plataformas de aprendizaxe virtual.	10. Manexo de plataformas.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	2	3
Lección maxistral	5	0	5
Prácticas de laboratorio	15	16	31
Presentación	5	0	5
Traballo tutelado	5	20	25
Foros de discusión	3	0	3
Prácticas con apoio das TIC	10	20	30
Resolución de problemas	1	4	5
Traballo	4	35	39
Exame de preguntas obxectivas	4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante
Prácticas de laboratorio	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense en espazos especiais con equipamento especializado (laboratorios científico-técnicos, de idiomas, etc).

Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.
Traballo tutelado	O estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Xeralmente trátase dunha actividade autónoma do/s estudante/s que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción...
Foros de discusión	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramiento/desenvolvemento de actividades da materia e di proceso de aprendizaxe.
Prácticas con apoio das TIC	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense a través das TIC de maneira autónoma.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase empregar como complemento da lección maxistral.

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Prácticas de laboratorio	Exercicios diante ordenador con indicacións do profesor.
Traballo tutelado	Tarefas a prepara con antelación e a presentar en clase.
Resolución de problemas	Levaránse a cabo na clase coa explicación e avaliación retroactiva do profesor.
Probas	**Descrición**
Traballo	Traballo titorizado polo profesor a desenvolver durante o curso.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Prácticas de laboratorio	Realización de tarefas específicas realizadas no laboratorio de idiomas baixo a orientación do profesor.	25	B1 B2 B4 B5 B7 B11	C45 C52	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18
Traballo	Presentación de traballo ou proxecto final en formato dixital con memoria explicativa en lingua francesa realizado segundo as orientacións do profesor.	50	A1 A2 A3 B1 B2 B4 B7 B11	C45 C52	D1 D2 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18
Exame de preguntas obxectivas	Probas tipo test sobre contidos teóricos da materia.	25	B6 B12	C45 C52	D1 D4 D7 D14

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os alumnos haberán de asistir a clase con regularidade (nese sentido 5 faltas sen xustificar acarrea a PERDA do dereito a avaliación continua) e realizar as tarefas que se propoñan en clase. A avaliación continua consistirá na resolulción de tarefas colaborativas invluiendo algunha proba tipo test (50%) e un proxecto que se proporá a principios de curso o que suporá o 50% da nota final.

Aqueles alumnos que NON superen a avaliación continua, haberán de presentarse (1º convocatoria de maio) ao exame final (80%) e elaborar un proxecto dixital (20%).

En segunda convocatoria de xuño/xullo, a avaliación consistirá nun exame final (80 %) e a elaboración dun proxecto dixital (20%).

Aqueles alumnos que non superen a materia
durante o curso, terán que presentarse ao exame final aprobado segundo o
calendario oficial pola Xunta de Facultade. Segundo a normativa vixente, con
independencia da asistencia ou non ás clases, o alumnado disfrutará de
condicións equivalentes de avaliación. As datas do exame poden ser consultadas
na web da Facultade no espazo 'Datas exames'

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bourrissoux, J.-L. / Pelpel, P., **Enseigner avec l'audiovisuel**, Les éditions de l'organisation,

Bibliografía Complementaria

Lancien, Th., **Le Multimédia**, CLE International,

Barroso Osuna, J. / Cabero Almenara, J. (Coords.), **Nuevos escenarios digitales**, Pirámide,

Álvarez Álvarez, Al., **Nuevas Tecnologías para la clase de francés**, Quiasmo,

Mangenot, Fr. / Louveau, E., **Internet et la classe de langue**, CLE International,

Cabero, J. / Martínez, Fr. / Salinas, J., **Medios audiovisuales y Nuevas tecnologías para la formación en el s. XXI**, Eductec,

Olliver, Chr. / Puren, L., **Le web 2.0 en classe de langue**, Éditions Maison des langues,

Guichon, N., **Vers l'intégration des Tics dans l'enseignement des langues**, Didier,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Lingua francesa e a súa didáctica/O05G120V01505

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Idioma estranxeiro: Francés/O05G120V01904
Situacións de comunicación en lingua estranxeira: Francés/O05G120V01906

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma estranxeiro I: Francés/O05G110V01405
Aprendizaxe da lingua estranxeira: Francés/O05G110V01508
Idioma estranxeiro II: Francés/O05G110V01931

Outros comentarios

Recoméndase un nivel A2 do idioma francés como mínimo para poder consultar a bibliografía e explorar os recursos de francés; ter cursado as materias de francés lingua estranxeira, seguir a modalidade de avaliación contínua e vir a clase con regularidade.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determíneno atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

Metodoloxías docentes que se manteñen:
As metodoloxías docentes serán as mesmas nos tres escenarios, dado que foron deseñadas para facilitar unha transferencia fluída desde un escenario 100% presencial a outro 100% en remoto. En calquera caso, a única diferenza atinxe ou espazo no que se desenvolverá a actividade. No posible escenario de ensinanza mixta ou semipresencial, as metodoloxías levaríanse a cabo de modo semipresencial e virtual. Por outra banda, no escenario de ensinanza a distancia, as metodoloxías previstas adaptaríanse a una modalidade de execución virtual.

Metodoloxías docentes que se modifican:
Non se modifica a dinámica propia de ningunha metodoloxía docente, excepto, como se di no apartado anterior, a súa modalidade de execución, presencial e virtual (no caso dun escenario mixto); e exclusivamente virtual (no caso dun escenario a distancia).

Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías):
No potencial escenario de docencia semipresencial, as sesións de titorización poderán realizarse presencialmente e/ou no despacho virtual, baixo a modalidade de concertación previa e no horario que se estableza. No caso dun escenario docente na modalidade a distancia, a titorización realizarase unicamente polos medios telemáticos mencionados.

Modificacións (si proceden) dos contidos a impartir:
Non hai modificacións nos contidos a impartir.

Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe:
A bibliografía adicional será proporcionada ao longo do desenvolvemento da materia.

Outras modificacións:
 Ferramentas para a docencia virtual. No escenario de docencia semipresencial, ademais da docencia presencial nas aulas, a actividade docente virtual impartirase mediante Campus Integra e preverase asemade o uso da plataforma de teledocencia Faitic como reforzo, e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.
 No escenario de docencia a distancia, a actividade docente realizarase exclusivamente de modo virtual.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
Non hai cambios nin nos instrumentos nin nos criterios de avaliación establecidos na guía docente ordinaria.

Probas pendentes que se manteñen:
Todas as probas propostas na guía docente para as vindeiras convocatorias, mantéñense en calquera das tres modalidades de ensinanza previstas: presencial, mixta e a distancia, para o curso 2020-21. Os criterios de avaliación, así como a súa ponderación sobre a nota final, se manteñen, tanto para o alumnado asistente, coma para o non asistente. Os procedementos ou tipoloxía de probas de avaliación, tampouco se modifican no seu contido, pero si no seu modo de execución, no caso dos dous potenciais escenarios docentes extraordinarios previstos. Así, no caso de estar nunha situación de ensinanza mixta ou semipresencial, as probas de avaliación poderán ser organizadas de modo presencial, dependendo das instalacións e medios dispoñibles. Se non fose posible facelas presencialmente, combinaríase a modalidade presencial coa virtual ou realizaríanse exclusivamente de forma virtual.
Se a situación é de ensinanza a distancia, todas as probas de avaliación realizaranse de modo virtual.

Probas que se modifican:
Para o curso 2020-2021, non hai modificacións nas probas de avaliación, agás no referido á modalidade de avaliación: presencial ou virtual, dependendo do escenario sanitario no que se leve a cabo a docencia.

Novas probas:
Non se prevén novas probas de avaliación.

Información adicional:
Non hai.